

Bugallo continuará coa recuperación da memoria histórica tras 2006

ABC

SANTIAGO. Ánxela Bugallo afirmou onte, no acto central do Ano da Memoria, á Homenaxe Nacional ás Vítimas da Represión Franquista que tivo lugar na illa de San Simón, que «o noso traballo non vai ser flor dun ano, non vai rematar cando o mes de decembro chegue o seu fin. Pasamos moito tempo de silencio e sabemos que non chegarán 365 días para que os nosos obxectivos se convertan en realidade».

Unhas 600 persoas, entre familiares e vítimas ou represaliados e asociacións pola memoria asistiron a este acto no que Bugallo fixo fincapé en que a investigación que están a levar a cabo as tres universidades galegas, dirixidas polo catedrático Lourenzo Fernández Prieto, continuará para clarear todos os crimes acontecidos do 1936 ao 1977. Tamén subliñou que o Consello da Memoria, presentado onte, terá entre as súas funcións continuar con este traballo coma órgano asesor da Consellaría.

Dez persoas son as que forman parte deste Consello, todas elas escollidas polas asociacións de recuperación de memoria. O seu cometido, ademais de asesorar, será colaborar cos programas que se deseñen institucionalmente, servir de interlocutor directo entre o mundo asociativo e a administración, presentar iniciativas encamiñadas á recuperación da nosa memoria, avaliar as decisións políticas tomadas ao respecto e impulsar novas accións de goberno, entre outras.

Placa conmemorativa

Como testemuño desta homenaxe, descubriuse unha placa conmemorativa dedicada a todas as persoas que padeceron represión en Galicia. Segundo Bugallo a acción ten un obxectivo claro «facer visibles, escoitar e ecoar todos os nomes, todas as inxustizas, todos os crimes nunca castigados, todos os mártires que nunca foron homenaxeados. Hora é xa de reparar a inxustiza. Sabemos que chegamos tarde, por eles e por elas estamos hoxe aquí, porque non podemos nin queremos ter o noso futuro hipotecado por un pasado oculto».

A conselleira resaltou o éxito do Ano da Memoria e agradeceu ás asociacións o seu traballo por «recuperar tanto tempo perdido, por dignificar ás vítimas e condenar os criminais». «Refírome a moitos investigadores que abriron brecha, que levantaron arquivos, que buscaron as testemuñas para recoller as súas voces, que denunciaron co seu traballo o silencio e que contribuíron a que a verdade se fora coñecendo», rematou.

A exiliada Mariví Villaverde, Isaac Díaz, e Concha Nogueira, filla de dous asasinados no bou «Eva», foron outros dos asistentes ó acto.

Un estudo constata o debilitamento do uso do galego en idades temperás

Os nenos, en determinados contextos, empregan antes a lingua castelá

● O equipo incluíu os resultados da súa investigación en Childes, o proxecto internacional máis ambicioso no campo dos estudos sobre adquisición lingüística

A. M.

SANTIAGO. O grupo de investigación que dirixe a catedrática de Lingüística Xeral e directora da mesma Área da USC, Milagros Fernández Pérez, culminou a constitución dun corpus de fala infantil no que leva traballando case unha década. O «Corpus de fala infantil Koiné», un vasto mostrario de producións lingüísticas de nenos inmersos no proceso adquisitivo elaborado en base á observación directa dos rapaces, atópase a disposición de toda a comunidade científica internacional a través de internet.

A investigación presentouse nunha roda de prensa na que Milagros Fernández explicou a súa transcendencia, que supón a existencia dun marco de referencia para a fala infantil «partindo de que os nenos dispoñen dun código propio para poder comunicarse». Na presentación estiveron ademais presentes membros do equipo Koiné como Gabriela Prego, Pablo Cano, Monserrat Souto e Isabel Fernández.

Aínda que o «Koiné» non é o primeiro corpus de fala infantil que se compilou en España, si é o máis representativo de todos os realizados para idades comprendidas entre ano e medio e catro anos. Nel recóllense os datos —a partir de gravacións audiovisuais— procedentes dun total de 71 informantes, 37 nenas e 34 nenos, dos que se seguiu a evolución durante períodos de tempo bastante prolongados.

O «Corpus Koiné» pode así servir de base tanto para estudos transversais como lonxitudinais, «de aí que sexa, sen dúbida, un corpus que sobreesa no panorama español», apunta a catedrática Milagros Fernández, que leva xa dez anos traballando no terreo da adquisición da linguaxe.

Inclusión no sistema Childes

Desde hai poucos días é posible a consulta on line de todas as transcripcións do «Corpus Koiné» a través da web dos creadores de Childes (Child Language Data Exchange System), o sistema de transcripción de emisións lingüísticas infantís máis difundido na actualidade. A inclusión do traballo da USC neste proxecto, que inclúe arredor de cen corpus de trinta linguas diferentes, garántelle a súa máxima proxección internacional facilitando que as repercusións do traballo vaian ser «verdadeiramente globais».

Outra das particularidades do proxecto elaborado na USC é o referido á presenza do galego, xa que se recollen emisións lingüísticas de nenos castelán falantes e galegofalantes. Dos



A investigación presentouse nunha rolda de prensa en Fonseca

MIGUEL MUÑOZ

máis de cen corpus que se poden consultar a través de Childes, o «Koiné» é o único que ofrece datos para o estudo da adquisición do galego como primeira lingua. «Grazas a el, toda a comunidade científica ten acceso a unha considerable suma de producións infantís en galego, algo que nunca antes sucedera», matiza a responsable do estudo.

A este respecto, o director de Childes e profesor da Carnegie Mellon University (Pennsylvania, EE.UU.), Brian J. MacWhinney, sinalou que a investigación da USC permite, por vez primeira, comprender quen usa o galego a idades temperás, cando e en que contextos e como esas configuracións de uso cambian a medida que o neno crece.

En opinión deste prestixioso experto, responsable do proxecto internacional máis ambicioso no campo dos estudos sobre adquisición lingüística, a investigación da USC demostra que os nenos empregan a lingua española antes que a galega en determinados contextos «a pesar dos anos de políticas de

Utilidade para outras disciplinas.

O «Koiné» é o primeiro corpus de fala infantil español confeccionado unicamente por lingüistas de carreira. Non obstante, no seu deseño e preparación os investigadores tiveron en conta que deste traballo se poderán beneficiar estudosos de diferente formación como psicólogos, pedagogos ou logopedas, entre outros.

Así, a diagnose de déficits nas habilidades comunicativas dun neno esixelle, ao logopeda contar con información fiable sobre o comportamento lingüístico normal dos nenos da mesma idade.

normalización lingüística». Esta información aportada polos investigadores da USC sobre «o aparente debilitamento do uso do galego en idades temperás» pode, para o profesor MacWhinney, axudar a suxerir pasos «necesarios para o mantemento da lingua a medio prazo».

«Accións estratéxicas. Arte actual na Deputación de A Coruña»

A exposición «Accións estratéxicas. Arte actual na Deputación de A Coruña» abriu no Colexio de Fonseca, nun acto ao que asisten o reitor Senén Barro; o presidente da Deputación de A Coruña, Salvador Fernández Moreda; o vice-reitor de Cultura, Elías Torres; e o deputado responsable da área de Cultura da Deputación de A Coruña,

Celestino Poza. É esta unha oportunidade única para poder descubrir, no Colexio de Fonseca e na Igrexa da Universidade, o labor realizado pola Deputación Provincial de A Coruña á hora de apoiar a creación artística actual.

Por medio de dúas iniciativas diferentes, unha prolongada no tempo case dúas décadas, outra máis inme-

diata e achegada —o Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz e o Encontro de Mariñán, respectivamente—, a USC pon de relevo a importancia do traballo realizado ata este momento. Cada unha das salas desenvolve un discurso diferente, determinado polos fondos correspondentes a cada un dos eventos mencionados.